

CAMISETA BANGLADESH

Litros de agua: 113 L de agua

Emisiones de CO₂: 2465 kg

Condiciones laborales: Explotación laboral. Más de
4 millones de personas están explotadas, sobre
todo mujeres

A nosa roupa,
a nosa
responsabilidade:
a pegada
Sociohídrica

Centro educativo e lugar:
Colexio Lourdes Fuhem
Madrid

Data de realización:
07/05/2021

Persoa de contacto:
Carlos Díez Hernando

Datos de contacto:
c.diez@colegiolourdes.fuhem.es

Contexto do centro, nivel educativo e perfil do alumnado:

O Colexio Lourdes ten concertadas coa Administración Educativa todas as súas unidades e todas as etapas escolares. A gran maioría do alumnado vén de distintas zonas do distrito da Latina, aínda que no Bacharelato é frecuente que proveña doutros distritos de Madrid. É un colexio cunha comunidade educativa moi enriquecedora porque é moi diversa, e ese é un sinal de identidade. O colexio ten unha longa historia na zona como lugar de encontro para xuntanzas, conferencias ou actividades diversas. É utilizado habitualmente por asociacións xuvenís, por ONG e outras organizacións.

Os acontecementos festivos ou culturais son abertos ao barrio e participábase con el no coidado da contorna próxima.

O alumnado participante na presente actividade foi o de 4.º da ESO. Por mor da pandemia, dispúxose dun grupo reducido de 15 alumnos/as que foron os que organizaron a actividade e a levaron a cabo co alumnado de 2.º da ESO, que dispón de 4 liñas (daquela chegaron a un total de 100 alumnos/as).

Breve deScrición da experiencia

En que consistiu?

O alumnado de 4.º da ESO organizou un *stand* no Colexio Lourdes denominado “A nosa roupa, a nosa responsabilidade: a pegada sociohídrica”. Neste *stand*, convidouse ao resto de alumnos e alumnas de 2.º da ESO a traer prendas de vestir da casa para poder medir o impacto social e ecolóxico que teñen no planeta e na vida das mulleres que as fabrican.

Para isto, no *stand*, dispuxeron dunha táboa na que aparecía unha relación de materiais (algodón, lá, poliéster, elastano, liño etc.), xunto cos litros de auga e os quilos de CO₂ necesarios para a fabricación dun peso determinado de cada un dos materiais (ex.: 300 g de algodón - 6 kg de CO₂ - 400 l de H₂O).

O alumnado participante pesou as prendas recibidas e leu as súas etiquetas, anotando a porcentaxe de cada material de que están compostas. Con esta información e as táboas dispoñibles calcularon cantos kg de CO₂ e litros de auga fan falta para fabricalas realizando diferentes regras de tres.

Posteriormente, analizaron o país no que se fabricou a devandita prenda: que condicións laborais teñen as mulleres que traballan nas fábricas?; que dereitos laborais se vulneran?; sería menor o impacto ambiental da prenda de se fabricar preto de onde se consume?; canto CO₂ se emite no seu transporte?

Con toda esta información, o alumnado do stand encheu unha etiqueta de cartolina que levará para a casa o/a propietaria da prenda.



Que e como o fixen?

- Reflexionar sobre o impacto ambiental e social da roupa que consumimos
- Tomar conciencia de que decisións están na nosa man para coidar o planeta e os corpos e vidas das mulleres.

Que e como o fixemos?

Despois das sesións formativas, realizamos unha xornada de reflexión na que se puido pór sobre a mesa que aspectos de todos os traballados lles chamaron máis a atención.

Todo o grupo estivo dacordo en que o consumo da roupa era un tema interesante para traballar coas mozas e mozos da súa idade, xa que todos e todas consumen máis roupa da que precisan e senten a presión para mercar máis, malia saber que nos seus armarios hai vestuario abondo. Sentiron tamén esa desconexión entre o xesto dun clic na compra en liña dunha camiseta e as consecuencias que ese clic ten nas vidas doutras persoas e no coidado do planeta.

Propúxose realizar unha actividade na que se profundase nestas consecuencias e, ao mesmo tempo, se achegase esta reflexión que estaban tendo na aula ao resto do alumnado do Colexio Lourdes. Propúxose realizar un *stand* no que convidar ao alumnado de 2.º da ESO a traer unha prenda de roupa e devolverlles unha etiqueta socioambiental na que reflectir o impacto sobre o planeta e sobre os corpos das mulleres que supón a fabricación e o transporte desa prenda.

Para logralo, tivemos unha sesión máis, na que o alumnado se organizou en dous grupos. Un deles traballou na elaboración das táboas para calcular o consumo de litros de auga e a emisión de CO₂ dos diferentes materiais a partir dun peso dado. O outro traballou na recompilación de información sobre as condicións laborais das mulleres nunha mostra representativa de países produtores de roupa.

O día da actividade, puxéronse dous *stands* no centro, nos que se contou con báscula, cartolinas, as táboas para o cálculo e rotuladores. O resto do alumnado foise achegando ao *stand* coa súa prenda de roupa para pesala e, posteriormente, analizala en función da súa procedencia e o material de que estivese feita.



Que logros ConSeguimos?

- O alumnado de 4.º da ESO non foi só receptor de coñecemento, senón que xerou espazos de reflexión e construción colectiva, o que lle permitiu apropiarse do proceso e ser transmisor do aprendido.
- A aprendizaxe recibida vai máis aló das paredes da aula e ten efecto multiplicador, chegando a un maior número de persoas (alumnado doutros cursos escolares).

Que elementos da estrutura escolar e do contexto pensamos que foron un apoio ou un freo para ConSeguir os logros?

A perspectiva ecosocial do centro facilita a posta en marcha de actividades deste tipo, xa que favorece o desenvolvemento de persoas con capacidade reflexiva, curiosidade, capacidade de aprender e comunicar. Axuda a que as alumnas e alumnos se recoñezan como seres sociais, solidarios, conscientes da pluralidade de contradicións sociais que os rodean, dispostos a aprender a tratalas con principios de equidade, xustiza e liberdade. Por último, desde o centro educativo preténdese pór de manifesto a nosa condición de seres ecodependentes, habitantes dun planeta sostido por leis naturais que deben respectarse.

Que aprendizaxes e retos extraio?

A principal aprendizaxe que se obtén após desenvolver a actividade é o potencial de autoorganización do grupo.

En relación cos retos, cabería destacar o tempo dispoñible para o desenvolvemento das devanditas propostas, que, en moitas ocasións, quedan restrinxidas ás horas de titoría, sen darlles a importancia que teñen o resto de materias. Para que teñan lugar estes procesos de autoorganización do grupo e de construción colectiva do coñecemento precísanse tempos e espazos.



Persoas ou organizacións que participaron na preparación e execución da experiencia

A colaboración e implicación de titores e titoras de 2.º da ESO foi esencial para o desenvolvemento da actividade. Esta sesión tivo lugar en horario escolar e permitiu que o seu alumnado saíse das aulas para poder visitar o stand da pegada sociohídrica.

Por outra banda, o apoio da Fundación InteRed, que facilitou espazos nos que reflexionar colectivamente sobre o noso sistema, sobre a nosa forma de consumir e acompañou no deseño da actividade ao alumnado e ao persoal docente.

Recursos ou materiais de apoio/referencia

Guía de boas prácticas: aprender a coidar a vida. Prácticas educativas para pór en valor a eco- e a interdependencia desde as aulas.

<https://www.intered.org/es/recursos/aprender-cuidar-la-vida>

